

Babel

Auga a contracorrente: a requisa dun ben público Titirilandia No cárcere 1977-2016 Cando caduca unha Constitución? O Patrimonio cultural do noso Concello Toda esperanza para los cine clubs terminó en el 36 Por un rural máis vivo TTIP: o cabalo de Troia Tratados de libre comercio: a ameaza actual (?) Un dos nosos: Xosé Manuel Martínez García

Boletín do Ateneo Republicano de Valdeorras.

Abril 2016. Nº 10



Vai pouco máis dun ano, acosado pola opinión pública que rexeitaba o papel da casa real como valedora da corrupción que abrangue a súa familia, para salvar a institución o vello rei dimitiu e o seu fillo converteuse no xefe do Estado. Mentres miles de persoas reclamaron nas rúas a instauración da IIIª República. Só unha campaña de propaganda orquestrada e deseñada desde as cavernas do aparato do Estado truncou as aspiracións das clases populares máis comprometidas cas liberdades.

Na actual conxuntura política non hai día no que os creadores de opinión (periodistas servidores do sistema) non encomien a Constitución de 1977. Uns para defendela argumentando que foi a que fixo posible as liberdades, ocultando que éstas son consecuencia das loitas populares na agonía do franquismo. Outros para reformala ca intención de que non desaparezan os privilexios nela contidos. Pero nestes sufridos argumentos as referencias á Monarquía son ben estrañas. Non se fala dela, pese a que é a pedra mestra sobre a que se construíu: o privilexio que trata aos cidadáns como súbditos. Mais non hai volta atrás. A actual Constitución está kaputt. A Constitución borbónica está amortizada. Da igual que sexa reformada ou non.

Porque para amplos sectores sociais a República segue a representar, como expresión simbólica, os anhelos cidadáns de progreso social e económico, a plena defensa dos dereitos democráticos, o recoñecemento das nacións que conforman o Estado, e a soberanía da clase traballadora como garante da igualdade de todos e todas. Acercase o momento de abrir un proceso constituínte que rompa co réxime monárquico e poña fin aos privilexios: de sangue, de casta, ou de clase. Unha constitución baseada na igualdade, a xustiza e a solidariedade, as razóns de ser das institucións democráticas.

Auga a contracorrente: a requisa dun ben público

Evolución das bases xurídicas do uso da auga

Durante o longo período anterior á revolución liberal do século XIX a auga estaba sometida a unha multitude de dereitos. A auga era un ben persoal do rei que delegaba o seu uso aos señores ou aos concellos mediante mecanismos xurídicos de tipo feudal. A abolición do réxime señorial decretado polas Cortes de Cádiz en 1812 iniciou a implantación dos dereitos individuais da propiedade. Comeza un proceso de máis de 50 anos que suprimirá a patrimonialización das augas ao transformalas no seu conxunto en ben público. A Administración pasaba a detentar en exclusiva a propiedade e podía facer concesións para a explotación dos recursos hídricos.

Tras a ruptura co antigo réxime, a nova relación entre concellos e os usos da auga iníciase nada máis promulgarse a Constitución gaditana. No desenvolvemento das competencias da lei municipal especificase que *"los ayuntamientos velarán por el cuidado de la salubridad de las aguas"*. Durante o Trienio Liberal, en 1823, se amplían as competencias municipais ao asumir as tarefas de *"mantener, conservar y limpiar las fuentes"*.

Mais non será ata 1879 cando se establece definitivamente o *"dominio público de las aguas"*. En 1924 se fixa con carácter de monopolio a competencia dos concellos no referente aos servizos do abastecemento do auga e dos sumidoiros. En canto a súa realización non será ata o ano 1955 no que se aproba a Lei de Bases de Réxime Local. A nova

norma obrigaba aos núcleos urbanos de máis de 5.000 habitantes a dispoñer do abastecemento a domicilio e dun sistema de sumidoiros.

Esta lei rexerá ata 1985, ano no que se modifica. Os concellos seguían a manter competencia en réxime de monopolio do abastecemento mais no tocante ao saneamento distinguía entre o servizo da depuración e o servizo de sumidoiros. Os sumidoiros seguían a ser potestade das corporacións locais mentres a explotación dos recursos de depuración pasaban a ser competencia das comunidades autónomas.

O abastecemento tradicional

A través dos séculos a poboación abasteceuse mediante a disposición de fontes veciñais e de pozos. Era un traballo cotián acercarse ás fontes para recoller a auga. As fontes eran o lugar por excelencia da socialización nunha sociedade rural. Satisfacían as necesidades dos veciños e do gando. A inexistencia de sumidoiros facía que as augas luxas se vertesen directamente aos ríos, aos arrosos, ou ben na corte do gando, que nas casas labregas ocupaban a parte baixa, para estercar. Ligado a electrificación a primeiros do século XX os sectores benestantes das vilas comezan a introducir a auga nas casas usando os pozos dos que son propietarios. Ao tempo se expanden os pozos negros para evacuar as augas negras. É o comezo da universalización do aseo persoal.

O pequeno núcleo de O Barco

utilizaba dúas fontes que vertían sobre o río Sil os excedentes do extenso acuífero sobre o que asenta o caseo. A primeira estaba no barrio de San Roque e a segunda no Porto da Barca, por debaixo da actual Praza Maior. A finais do século XIX a Deputación provincial amaña e eleva o camiño real (actuais rúas Real e San Roque) e fai a obra do muro que protexe a Praza Maior das acometidas do río Sil. Como consecuencia o Concello arromba e urbaniza a fonte do Porto da Barca, que se converte na principal da vila. Viloiroa contaba cunha fonte que aproveitaba a traída que a Casagrande dos Quiroga fixera dende unha mina do monte Coutado.

A comezos de século as ideas hexenísticas penetran en amplos sectores sociais. Aparece a preocupación das autoridades polo saneamento. En 1904 os concellos asumen a inspección da hixiene das augas e a obrigatoriedade de vixiar a pureza dos depósitos, canalizacións e fontes. No Barco aparecen as primeiras declaracións sobre a necesidade de crear a rede de sumidoiros para suprimir os vertidos directos de todo tipo de augas ao río Sil. Acentúanse as peticións de axuda á Administración provincial durante as epidemias sanitarias. Os alcaldes e concelleiros sabían que o recorrente tifo tiña o foco de infección na contaminación das augas das fontes e dos pozos. Mais a permanente miseria orzamentaria na que se atopaba o Concello impedíalle acometer as mínimas obras públicas necesarias para os veciños. Tíñanse que dedicar a "mendigar"

<< subvencións de porta en porta dos organismos estatais utilizando os contactos persoais ou políticos.

Ao pouco de proclamada a Segunda República, o 16 de marzo de 1932, a corporación municipal asume a moción proposta polo alcalde Joaquín Rodríguez López para intentar paliar a grave situación laboral na que se atopaba a veciñanza. Nela recollese a primeira referencia da necesidade de intervir para a creación da traída e de sumidoiros "...con el fin de paliar en lo posible la crisis de trabajo porque viene atravesando este municipio, en el que hay sin trabajo más de un millar de obreros procede se solicite del Excmo. Sr. Ministro de la Gobernación (...) un crédito a ser posible por el importe total de setenta y ocho mil ciento diez pesetas y doce céntimos, cuyas obras se construirán por el siguiente orden de prelación: 1ª traída de aguas para el pueblo de Villoria; 2ª alcantarillado de las calles de Pablo Iglesias, avenida de la Libertad, digo de la Estación con empalme con la calle Nueva hasta desembocar en el río Sil...". Así mesmo impulsaron a construción e amaño das fontes das parroquias. Dous días antes do golpe militar do 18 de xullo de 1936 inauguraban a última intervención: a fonte de Éntoma.

A política do abastecemento durante o franquismo

A Guerra Civil provoca un acusado retroceso nas condicións de vida da poboación. O depaupéresmo, a miseria e a fame recrudécense durante a inmediata posguerra. Tamén volven con máis forza enfermidades ligadas ás deficiencias alimentarias ou sanitarias como a tuberculose e o tífos. A finais dos corenta o franquismo toma unha serie de medidas para frear os problemas de inestabilidade social

que podían poñer en perigo a ditadura. Nacen os Plans Provinciais que tiñan por obxecto acometer obras e subministrar servizos de carácter local, entre eles o abastecemento e o saneamento das augas, para intentar mellorar as condicións de vida dos pobos das comarcas máis deprimidas. No programa previo das necesidades máis urxentes da provincia de Ourense do ano 1950 aparece a necesidade de acometer a construción polos concellos de 1.000 fontes que reúnan as garantías sanitarias para combater o tífos.

Xa o alcalde de O Barco, Gustavo Gómez, no ano de 1943, creara un consello asesor para priorizar as intervencións públicas e conseguir as correspondentes subvencións para acometer as obras imprescindibles: a praza de abastos; a casa do concello; a traída de augas e a rede de sumidoiros; o cuartel da Garda Civil; as vivendas protexidas; o grupo escolar; e novas estradas. Máis será o seguinte alcalde, Julio Gurriarán, o que as levará a cabo durante a década dos cincuenta co apoio financeiro dos Planes Provinciais de Obras. Julio Gurriarán era dirixido dende o Goberno civil que impoñía a instalación e extensión da rede sanitaria de sumidoiros cando menos nas cabeceiras de comarca tal como obrigaba a recente Lei de Bases de Réxime Local.

A construción da traída e dos sumidoiros iniciouse en xullo de 1955 e dáse por acabada no 1960. Utilizarase as augas do río Candís, que mediante un cano de cinco quilómetros levaba o subministro a un depósito de tratamento en Viloira, a partires do cal distribuíse por todo o casco urbano. Aparte de O Barco esta traída abastece ás aldeas de Raxoá, Millarouso, Santurxo, Coedo, Viloira e Veigadecabo. O resto das aldeas tiveron que cons-

truír as súas propias traídas non rematando o abastecemento de todos os núcleos parroquiais ata ben avanzada a década dos oitenta.

A crise do abastecemento nos anos oitenta

A finais dos setenta comezan a manifestarse os problemas no abastecemento da vila. Os cotiáns cortes de auga provocados polas rupturas dos canos; as fugas incontroladas debidas aos deficientes materiais utilizados na construción; a insuficiencia do subministro durante o estiaxe do río Candís; a sucidade da auga provocada polos vertidos das louxeiras radicadas augas arriba da toma; xunto coa expansión urbanística poñen ao borde do colapso o subministro de O Barco. Ao tempo crece o malestar veciñal que acusa a primeira corporación democrática de todos os males da auga.

A corporación herda o problema do último alcalde do franquismo, Julio Gurriarán. Ao primeiro alcalde da Democracia, Eulogio Gavela, da Unión de Centro Democrático (UCD), se lle esixe a inmediata resolución do problema do auga. Cando presentou un plan para arranxala que implicaba a captación e bombeo do auga do río Sil, coa construción dun novo depósito por riba de Vilanova, iniciouse unha mobilización cidadá que sacudiu a vila durante dous anos, 1981-82, en contra do proxecto. Mobilizouse a poboación ao grito "Non bebemos auga do Sil".

As manifestacións, os encerrros, os contra informes, as expulsións dos plenos municipais, os *escraches* ao alcalde, provocaron a crise institucional do concello, a dimisión de cinco concelleiros do partido de goberno (UCD), e a retirada da solución proposta.

A pinza opositora encabezada

no concello e na rúa polo partido MCG, e por Alianza Popular (antecesora do PP), saíron vencedores, pero o problema das deficiencias do subministro perduraron durante outro quinquenio. A loita cidadá contra o proxecto de Gavela tivo como consecuencia política inmediata: o principio do cambio na hegemónía no concello que se plasmou durante toda a década seguinte. Nos seguintes comicios locais, ano 1983, o vencedor foi Alianza Popular e Antonio Hervella, que encabezaba a lista electoral, converteuse no alcalde e iniciou unha carreira política nas institucións ata acadar o escano de senador pola provincia.

A privatización do abastecemento

Eulogio Gavela volve á alcaldía en 1987, máis esta vez dentro da candidatura do PSOE e mantense no cargo ata as eleccións de 1991, que as gana por maioría absoluta o Partido Popular. Durante o novo mandato Gavela retoma a idea de

aproveitar as augas do Sil para o abastecemento. Esta vez con un artellamento máis modesto. Monta a captación, a estación filtradora e o bombeo na marxe esquerda á altura da Bada; levanta o novo depósito da estación sanitaria, a maior altitude (100 metros sobre o Sil) e de máis grande capacidade, no Coutado; modifica o azud do río Candís e repara a conducción de 6 quilómetros. Tamén inicia os traballos para a montaxe da *Estación Depuradora de Aguas Residuales* (EDAR) da Proba. E todo sen a mínima crítica pública. Sete anos despois, os barquenses sí que querían beber a auga do río Sil, que estaba a padecer un deterioro continuado dos seus niveis biolóxicos.

O feito máis destacado dos oito anos do goberno municipal do PP (1991-1999), con Xulio Gurriarán de novo alcalde, foi o proceso da privatización do abastecemento do auga que ata ese momento era xestionada directamente polo concello.

Dende mediados do ano 1996 víñase falando dos intereses que di-

ferentes empresas manifestaban por entrar no negocio da auga. Tras un proceso de adxudicación salpicado por multitude de rumores en xuño de 1997 un *Pleno Extraordinario e Urxente* asígnalle o concurso da xestión do auga municipal a empresa UTE Cadagua SA- Begar SA. Pleno no que se produce un empate entre os que estaban a favor da privatización (oito concelleiros do PP) e os que se manifestaban en contra (oito: PSOE, PIE e BNG). Nunha segunda votación o alcalde Julio Gurriarán fai valer o seu voto de calidade e deixounos de herdanza o abastecemento e a depuración das augas nas mans dunha empresa privada con "*ánimo de lucro*". O contrato de explotación fixa, entre outras condicións, unha duración de vinte anos, renovable cada cinco anos si ningunha das partes o denuncia, ata un máximo de cincuenta anos.

A privatización supuxo o encarecemento do prezo do auga para as familias, aínda que nun principio non se executou. Tres anos despois

>>



<< de pasar o servizo a mans privadas, no ano 2000, o concello subiu o recibo nun 45%. Os veciños tiveron que asumir de golpe o incremento anual acumulado dende a privatización e que o PP non había actualizado. Era a herdanza que o equipo do PP deixáballe aos novos rexedores do PSOE. A mesma historia aconteceu co prezo da taxa de sumidoiros que así mesmo se incrementou nun 62%. (*La Voz de Galicia*, 21-7-2000)

Unha nova taxa no labirinto da privatización

A chegada de Alberto Núñez Feijóo á presidencia da Xunta levou aparelado o deterioro dos servizos públicos e a conseguinte redución do raquíptico *estado de benestar* en Galicia. O Goberno do PP implementou dúas políticas: redución das dotacións orzamentais adicadas á Educación, Sanidade e Servizos Sociais, ca conseguinte privatización de sectores a elas ligadas, e o incremento da carga impositiva directa sobre as costas dos veciños. Non houbo servizo público ao que non se lle sobrecargase ou crease unha taxa. Neste eido desenvolveuse a política de xestión das augas da comunidade.

Xa no ano 2010 o Goberno galego propuxo legislar sobre o ben público da auga. Intentou, entre outras actuacións, impoñer unha taxa sobre todos os pozos e sobre todas as traídas veciñais. Pozos de propiedade privada e traídas que na maioría dos casos foran executadas polas aldeas mediante prestacións persoais e nas que a administración non tivera parte na súa construción e no posterior mantemento.

O rexeitamento xeral que o anuncio provocou no medio rural e a proximidade das eleccións municipais levou a Núñez Feijóo a dar un paso atrás e retirar o proxecto de impoñer un gravame sobre os

pozos.

Mais unha vez pasados os comicios locais retomou a idea, esta vez máis elaborada, para gravar a auga, creando un novo imposto sobre a depuración das augas. O primeiro paso é a creación pola xeografía galega de novos organismos públicos chamados Consorcios de Augas. Escollerase a comarca de Valdeorras para facer a *"experiencia piloto"* (os valdeorreses somos para a Xunta os "coellos de indias" dos impostos).

Como consecuencia, no outubro de 2012 constitúese o Consorcio de Augas de Valdeorras, entidade na que se integraron mediante acordos plenarios os concellos de O Barco, O Bolo, Carballeda, Larouco, Petín, A Rúa, Rubiá, A Veiga e Vilamartín, amais da Xunta a través de Augas de Galicia, e a Deputación provincial. O Consorcio xustifícase da necesidade de depurar e tratar conxuntamente as augas residuais da comarca de Valdeorras. Supoñemos que non será unha excepción na tradicional política laboral do *baltarismo* na que *"...los parientes de cargos del PP acaben en su mayoría empleados en las empresas mixtas en las que se va parcelando la extenuada Diputación de Ourense. Militantes del PP y descendientes de enchufados del fundador de la estirpe (Baltar) recalen en los empleos de empresas desgajadas del organismo provincial"*. (*El País*, 10/11/2014)

Creado o novo organismo, hai que dotalo e financeiro, pero non é a Xunta a que asume o gasto, senón que esta implanta unha nova taxa que se ligará ao consumo do auga das familias. Recibe o nome de *Taxa pola prestación do servizo intermunicipal delegado de depuración de augas residuais nos municipios da comarca de Valdeorras*. A taxa a xestionarán a Deputación e a empresa pública Augas de Galicia.

Nace así un novo imposto que carga un mínimo trimestral de 4,5 euros para as vivendas habitadas, e de 1,5 euros para as vivendas baleiras. O aviso do novo recibo co primeiro cobro, expedido pola Deputación provincial, chega aos consumidores a primeiros de 2013. Era unha carta certificada para os veciños que recomendaba domiciliar o pago nunha entidade bancaria, coa advertencia de que non pagar este imposto levaría aparelado o corte do subministro ou o



embargo de contas bancarias, tendo que pagar con efectos retroactivos dende a creación do Consorcio de Augas de Valdeorras.

Trátase dun novo imposto a maiores que se engade aos xa establecidos no recibo: taxa de sumidoiros, taxa de abastecemento, taxa de conservación e mantemento de contadores, taxa pola inspección de instalacións, desprecinto de instalacións e verificación e precintado de contadores. Hai que engadir a estas taxas o IVE correspondente.

A implantación da nova taxa provoca a repulsa veciñal, aumen-

tada cando é de xeral coñecemento que se estaba a dar cobros arbitrarios ao alza. *La Voz de Galicia* informaba a mediados de ano que “*numerosos valdeorreses están pagando 11,50 euros por trimestre, afectando especialmente a vecinos de A Veiga, O Bolo, Rubiá, Carballeda y algunos de O Barco*”. Esta situación leva ao Consorcio de Augas de Valdeorras a prometer, nunha declaración pública, revisar á baixa a taxa.

Sobre o ben público do auga



en Valdeorras exercen algún tipo de competencia os respectivos concellos, a Deputación provincial, Augas de Galicia da Xunta, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, as hidroeléctricas (Endesa, Iberdrola e Hidroeléctrica do Leira), as comunidades de traídas e regas das parroquias, pequenos usuarios históricos (muíños, etcétera) e a UTE Ferrovial Servicios-Begar, que xestiona as augas no Barco. Non hai que esquecer que a compañía Begar é propiedade do empresario José Luis Uribarri, implicado no “*caso Gúrtel*” de financiamento ilegal do

Partido Popular, acusado de suborno, branqueo de capitais e delicto fiscal.

Neste labirinto de intereses se engade agora o novo organismo Consorcio de Augas de Valdeorras para a depuración que financiamos os veciños coa nova taxa que segundo declaran os responsables non cubre máis que o 70% dos gastos (no inmediato horizonte teremos que asumir un incremento do recibo cando menos nun 50% para cubrir totalmente as súas necesidades).

O incomprendible é que ademais teñamos que financiar as infraestruturas necesarias para o servizo: depuradoras, conducións, bombeos, etcétera. A prensa informaba que o concello de O Barco asume o mantemento: 12.385 euros para reparar a captación do río Candís. (*La Región*, 5/10/2013)

Ou cando a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHM-S) esixe garantir a saúde das augas superficiais da provincia e resolveu prioritario a construción dunha serie de obras con esa finalidade, como crear ou ampliar as Estacións Depuradoras de Augas Residuais (EDAR). No primeiro caso atópanse a de San Cibrao de Viñas, a da Loña e a de Xinzo. Todas elas con necesidades de inversión superiores ao millón de euros e financiadas na súa totalidade pola Xunta, que aporta o 80% con fondos FEDER da UE, máis o resto que o cobren a Deputación provincial ou Augas de Galicia.

No segundo caso atópase só O Barco, a quen se lle mandou intervir na EDAR da Proba para ampliála. Neste caso, en un principio, o orzamento das obras excedía os 1.840.000 euros. Tamén a Xunta aporta fondos FEDER da UE, que aquí só chega a cubrir o 65,22% da obra. O resto, o 34,78%, ten que ser cuberto polo concello de O Barco (<http://www.chminosil.es/es/chms/a>

ctuaciones/ listado-de-actuaciones). E dicir, os veciños de O Barco somos os únicos da provincia que pagamos a depuración dúas veces: no recibo da taxa trimestral, así como os máis de 330.000 euros que levamos pagado para adecuar a depuradora.

A nova taxa é un exemplo da política de defensa dos “*intereses públicos*” artellada polo goberno de Alberto Núñez Feijóo. Secundado dende a Deputación ourensán por Baltar (fillo), que dende o principio defendeu o proxecto do Consorcio de Augas como exclusivo para a comarca, xa que non estaba por pagar ningunha peaxe política que lle suporía perda de votos na cidade de Ourense e arredores (debeu pensar que os experimentos canto máis lonxe mellor). E coa compracencia do alcalde Alfredo García (PSOE), do que non sabemos a razón que o decidiu a non plantarlle cara a esta nova cacicada.

Porque cando todo estea asumido pola poboación e saneadas as infraestruturas, pasarase a unha nova fase que será a de privatizar o servizo entre empresas amigas coa escusa de desprenderse de organismos que lastran o funcionamento das entidades participantes e lles crean cuantiosas perdas económicas. Vendéranos a través dos medios de comunicación, en contra de toda evidencia, que o sector privado é máis eficiente que o público. Vella *milonga* do neoliberalismo de “*amiguetes*” que nos levou á crise actual. A realidade consiste en facer cartos cos sectores de consumo cautivos en réxime de monopolio (a electricidade, a auga, o lixo, a depuración...) que explotan as necesidades máis inmediatas da poboación. Se nos anos noventa metéuselle man ao abastecemento, estamos nun proceso que intenta completar a privatización total do “*ciclo urbano do auga*”. ■

Titirilandia

O poder estatal moderno non é outra cousa que un comité que administra os negocios comúns da clase burguesa, globalmente considerada.

Karl Marx

1. Rastas e bigotes

A gran parlamentaria Celia Villalobos pasará á historia política por dúas cuestións fundamentais que sen dúbida transformaron a vida dos cidadáns deste país. A primeira relacionada coa saúde, a crise das vacas tolas, problema que afectara até os alemáns.

"Le digo al ama de casa que no eche huesos de vaca cuando haga una comida, aunque ya no se venden, sino de cerdo".

A resposta foi contundente por parte do por aquel entón secretario xeral da Asociación Profesional de Salas de despece e Empresas cárnicas: *"Bastante enfado y confusión existe ya como para que esta señora se dedique a emitir estupideces de maruja sin el menor criterio científico. No estamos dispuestos a aguantar ni una más. Ni una más".*

A segunda e non menos importante foi o descubrimento para moitos españois do Candy Crash -puzzle de carameliños-, videoxogo multi-idioma para teléfonos intelixentes e Facebook. Din que é tan aditivo como permanecer durante varias décadas quecendo a cadeira no Congreso dos deputados.

O comentario sobre as rastas do novo deputado de Podemos, Alberto Rodríguez, asociándoas a píllos e falta de hixiene, é un síntoma máis da manifestación inconsciente do que realmente pensan algúns políticos de dereitas cando senten ameazados os seus privilexios: *"Si la gente hubiera visto a qué tipo de personas votaban, habrían votado a otros"* (F. Camps) un dos máximos

responsables da quebra da comunidade valenciana.

Levar *dreadlocks* (tubos de pelos enredados) non é algo exclusivo dos rastafaris por moito que as popularizara Bob Marley, "Natty dreads" (1975). Xa se peiteaban así outros grupos étnicos: masai, sadhus, vikingos... A orixe está na Biblia, Levítico 21:5 "Non farán calvicie sobre a súa cabeza...". (Ao "curita" isto chegoulle tarde). Ten que ver cunha crenza de respecto cara a un mesmo e co coidado do corpo, ademais de amosar desconformidade contra o sistema.

Algo incompatible cos *señoritos* que van coa cara lavada e acoden ás súas citas con traxes gris ou azul cheos de caspa, a estes lúcelle máis o bigote, máximo estigma xunto co tricornio da Benemérita.

Bigote ralo leva o xefe da banda, moito máis frondoso é o de Alvaro Pérez "El bigotes", intermedio da trama Gürtel.

Mais, non distraerse en conversas de perruquería, senón nunha cuestión fundamental que xa adiantara Suso de Toro ... *"EL Estado Español ha ilegalizado periódicos y partidos, ¿Alguien sabe por qué no se ha abierto alguna causa para investigar si el PP es una organización con carácter delictivo y si procede su ilegalización? Algún motivo que no sea la complicidad, evidentemente"*. (El diario.es, 29-10-2014)

A resposta acaba de dala a UCO considerando ao PP de Valencia coma unha organización criminal, cuxo *modus operandi* é extensible como xa sabemos aos

máximos responsables das finanzas e da organización do partido a nivel nacional.

Está a denunciado Carles Mulet de Compromís (El diario.es 31-1-16). O artigo 5 da Lei 54/1978, de 4 de decembro establece que procederá a acordar "por decisión da autoridade xudicial" a disolución dun partido político cando as "súas actividades sexan contrarias aos principios democráticos". A sociedade democrática debe defenderse fronte a organizacións que constitúan unha agresión ao sistema ao que pertencen. Trátase de impedir que os dereitos e garantías avalados pola Constitución e as leis a través dos partidos políticos como representantes da participación da cidadanía non sexan vulnerados por actuacións, neste caso delituoso, contra o respecto aos dereitos e liberdades básicos como garantes da convivencia democrática.

2. Economía política en "Titirilandia"

Titirilandia é o soño "democrático" de Toni Soprano feito realidade, un lugar onde non fai falla asasinar nin enfrontarse a bandas rivais para converterse en millonario. O plan é moito máis sinxelo, consiste en apoderarse das institucións do Estado para aprobar leis e decretos-lei que faciliten o traballo (máis de setenta, a Constitución limita este recurso a casos de extraordinaria e urxente necesidade)

O Estado devén empresa privada para defender intereses particulares. Capitalismo "tribal"



universalizado que aquí chamamos de "amiguetes", problema fundamental tamén da Etnoloxía, tratar de explicar como estas minorías sociais foron capaces de unir os seus intereses comúns, transformando o seu poder funcional en poder económico e social orientado á explotación (Maurice Godelier, "Institucións económicas" pp, 69 ed. Anagrama, 1981).

Tal concentración de poder no executivo tivo como consecuencia unha maior desigualdade económica, así como un aumento considerable da represión civil.

Os cidadáns son considerados coma títeres, obxectos movidos "en función dramática", personaxes dentro dunha trama que non teñen que representarse en público porque eles mesmos xa o son, movidos por fíos transparentes.

Despois de ver o resultado das últimas eleccións xerais non queda outra que admitir que estamos rodeados de anarquistas, aínda que eles non o saiban, ninguén fixo máis pola destrución do Estado que os máis de sete millóns de votos que obtivo o PP; non poden alegar que non foran coñecedores da situación.

Violencia simbólica, chámalle o sociólogo francés Pierre Bourdieu á relación social que describe a violencia indirecta que exerce o dominador

sobre os dominados inconscientes de ditas prácticas na súa contra, que rematan por convertelos en cómplices.

O espazo onde mellor se están a desenvolver este tipo de estratexias é nos medios de comunicación, escenario da "batalla cultural" onde se trasladou o debate político como xa anunciara Thomas Frank *Que pasa con Kansas?* (Acuarela Libros, 2008) a dereita neocón americana levou os problemas económicos ao terreo dos hábitos e costumes da clase traballadora; apelar aos valores e sentimentos familiares resultou un eido doado para desviar a atención sobre os problemas que realmente oprimen á maioría.

As rastas, coletas, o primeiro bebé deputado, os reis magos femininos, a pancarta dun títere (Se o guiñol da nosa infancia: *Curriqui* "títere de cachiporra" -que tamén se representaba na Praza da Habana Vella, en Cuba- levantara a cabeza) logran distraer das operacións policiais: Taula, Gürtel, Púnica, Imelsa, etc.

O que non se pode ocultar é a realidade económica que aparece no informe de Oxfam Intermón, "Unha economía ao servizo do 1%". O patrimonio das grandes fortunas españolas incrementouse un 15%, mentres que a riqueza do 99% res-

tante caeu outro 15% no mesmo período (estatística da financeira Credit Suisse). España sitúase entre os cinco países máis desiguais da Unión Europea, cun aumento case dez veces máis que o medio europeo e máis incluso que en Grecia (axencia Eurostat).

O índice Gini mide esta desigualdade en base aos ingresos nun mesmo país, amosa que a fenda salarial entre ricos e pobres aumentou desde 2007 en España en 2,8 puntos, tan só por detrás de Chipre. En setembro de 2015, Oxfam e Unicef calcularon que o 29,2% da poboación española (13.4 millóns de persoas) están en situación de risco de pobreza ou exclusión social. En Galicia medio millón segundo un informe da Fundación Foessa.

Na nosa Autonomía temos como presidente a un golfiño de Mariano, político do que se presumía unha gran capacidade de xestión, facilmente verificable: A economía galega seguirá dous anos máis como a que menos medra de España. Hispalink, instituto de estudos formado por equipos de investigación de 16 universidades, calcula que a comunidade aumentou un 1,8% este ano fronte ao 2% que esperaba a Xunta e o fará un 2,1% neste exercicio e un 1,7% o seguinte, os datos máis baixos do territorio (Luis Costas, Faro de Vigo 20-1-2016).

Fernández Ordóñez, ex gobernador do Banco de España, critica no seu libro "Economistas, políticos e outros animais" que a Xunta de Núñez Feijóo recorre as "mínimas competencias" atribuídas para supervisar a fusión das Caixas galegas (desaconsellada sorprendentemente polo popular, Martínez Pujalte) facendo populismo cando había opcións máis sólidas, facer a fusión con entidades doutras comunidades.

A intervención da política na economía é algo que non deixa lugar

<< a dúbidas, de feito a orixe da Gran Recesión, a peor crise, é política.

As chamadas ciencias sociais (económicas, xurídicas, sociolóxicas...) non son neutrais, as súas valoracións e intervencións exércense desde unha determinada ideoloxía, non exenta ás veces de “fanatismo relixioso”, que pretende levar a cabo estratexias de control avaladas por un certo estatus de cientificidade co que implantarse politicamente.

Non é casualidade que entre 1976 e 2007 en pleno apoxeo conservador, cando aínda non estalara a burbulla. De cada dólar que medrou a renda en USA, 58 centavos foron a parar ao 1% das familias máis ricas, mentres se conxelaban salarios e se ampliaba a inseguridade laboral (Raghuram G. Rajan, gobernador do Banco da India).

“En diciembre de 2011 el PP llegó al poder. Desde entonces el mercado laboral es aún más frágil. La tasa de temporalidad de empleo ha crecido hasta el 26,6%, el trabajo a tiempo parcial – una rareza en España antes de la reforma laboral de 2012 – ha aumentado en cuatro años en unas 250.000 personas y las estadísticas contabilizan 150.000 puestos de trabajo temporales más. La fotografía deja 4.850.000 personas sin trabajo. Un 21,18% busca y no halla. Y, tristemente, ese porcentaje esconde a miles de jóvenes. De hecho, España (según datos de octubre) soporta los peores guarismos de paro juvenil (15 a 24 años) de la OCDE. El 48,8%”. (Miguel Ángel García Vega, 3-1-2016, El PAÍS).

Informe de UGT: seis millóns de asalariados (35%) cobran por debaixo dos 655 euros que é o salario mínimo, o 93% dos contratos de 2015 foron temporais (duración media de 53 días).

No que probablemente sexa o libro de economía máis importante dos publicados nesta década, “O capital no século XXI” de Thomas Pi-

ketty, aparecen moitas das claves que nos permiten entender o que está a suceder. Analiza a cuestión da distribución da riqueza e as desigualdades entre as clases sociais como algo central na reflexión económica, social e política, recollendo a evolución dos patrimonios e das rendas en máis de vinte países a partires do século XVIII. A principal conclusión á que chega é que “... hai que desconfiar de calquera determinismo económico: a historia da distribución da riqueza é sempre unha historia profundamente política, e non podería resumirse en mecanismos puramente económicos [...] A historia das desigualdades depende das representacións que constrúen os axentes económicos, políticos e sociais do que é xusto e do que non o é, das relacións de forza entre ditos axentes, e das decisións colectivas que del se derivan; é a que configuran tódolos actores implicados”. (op. cit, pp. 40, ed. RBA, 2015).

O máis revelador é que a desigualdade non lle parece un problema en se mesmo sempre que se poida xustificar coa utilidade común, algo que adoitan utilizar as elites para apoiar as súas propias decisións. Para reducir as desigualdades, ademais de propoñer un imposto progresivo sobre o patrimonio e sobre os ingresos é necesario levar a cabo cambios institucionais como os que propoñen as forzas progresistas e que tanto lle custa ao bipartidismo.

3. Capitalismo ou democracia

Coa caída do muro de Berlín deuse por rematado o sistema comunista, o que Fukuyama chamou o fin da Historia, a partires de entón só quedaba unha alternativa válida que garantira progreso e prosperidade: liberalismo económico, libre mercado ou capitalismo como queiramos chamarlle; e se nos “vendeu a

moto” que diría Chomsky, de que ao funcionamento deste modelo lle era consubstancial a crise como motor para seguir medrando e creando riqueza, destruír para crear de novo. O final do conto xa o sabemos, os que pagan realmente o estoupido das “burbullas” somos a meirande parte dos cidadáns, o fluxo de capitais pasa a concentrarse no peto dunha minoría que acumula cada vez máis beneficios nas súas respectivas rendas privadas.

A ausencia dunha regulación sólida do capital financeiro globalizado, os paraísos fiscais, a falta de independencia do Banco Central Europeo, etc, provocou a diminución progresiva da gobernanza dos diferentes países dirixidos por políticos electos segundo o sistema de democracia representativa que temos.

Nesta “Titirilandia” globalizada estamos en mans de Fundacións e lobbys empresariais que tratan de impoñer as súas condicións prometendo crear moitos postos de traballo.

Entre as institucións que foron financiadas, recibiron capital inicial ou reciben o apoio da fundación Rockefeller se atopan: a ONU, a CIA, o Consello de Relacións Internacionais (CFR) o museo máis extraordinario de New York, o Museum Modern Art [...]. Son entidades legais que non pagaban impostos e dispoñían de enormes recursos e uns estatutos case ilimitados – totalmente carentes de transparencia – e sen mecanismos de rendición de contas: Que mellor maneira de converter a riqueza económica en capital político, social e cultural? Que mellor forma de converter diñeiro en poder? Que mellor xeito de que os usureiros utilizaran unha porcentaxe minúscula dos seus beneficios para dirixir o mundo. Como se non, podería Bill Gates, que certamente sabe un par de cousas sobre ordenadores, atoparse deseñando políticas de educación, sanidade e agricultura, non só

para o goberno de EEUU, senón para gobernos de todo o mundo? (Arundhaty Roy "Espectros do Capitalismo" pp, 35-36, ed. Capitán Swing, 2015) .

O profesor Aranguren cando en 1976 regresou á súa cátedra universitaria explicaba que a democracia é algo moi incómodo, difícil, moralmente arduo, esixe participación nunha relación tensa entre política e moral. Ámbalas dúas aparecen cada vez máis minorizadas polas relacións económicas.

Dani Rodrick, economista americano, di que un país non pode ter ao mesmo tempo democracia, globalización e soberanía nacional. Das tres hai que escoller dúas. O que supón admitir que este modelo, non é máis que a representación pacífica dun sistema político que se apoiou pola forza, como xa puidemos comprobar con Grecia e coa reforma obrigada do artigo 135 da Constitución española.

Non se trata de elixir, é moito máis sinxelo e hai que dicilo abertamente, o liberalismo económico segue sendo incompatible coa democracia.

Para Marx o capitalismo é o máis coactivo dos sistemas de produción, as súas contradicións económicas internas deberían dar lugar a un novo modelo produtivo. "O empresario tende inevitablemente a transformarse en rendista e a dominar cada vez máis aos que unicamente teñen o seu traballo. Unha vez constituído, o capital reproducese só, máis rapidamente do que medra a produción. O pasado devora ao porvir" (J. Estafanía "Estos años bárbaros" pp, 104, ed. Galaxia Gutemberg, 2015).

O capitalismo globalizado non corrixe o que debería servir para xustificalo, os fallos dun mercado onde as desigualdades fixéronse estruturais independentemente dunha posible recuperación económica... "É

unha ameaza non menor que o fascismo nos anos 20"... (J.C. Monedero).

Facer fronte a esta situación, pasa pola recuperación dun novo espazo onde a esquerda política sexa capaz de xestionar a defensa dos sectores sociais que seguen a padecer a ausencia de xustiza e igualdade.

Agora ser revolucionario é moi sinxelo, consiste en reivindicar por cómico que pareza o máis básico: unha vivenda, un emprego cun salario digno, sanidade, etc; a defensa dos dereitos xa recoñecidos. Se loitas por isto es un anti-sistema, o mundo ao revés. "O sistema é anti-nós" gritábase no 15 M.

A participación nos Círculos de Podemos (protagonismo popular e cidadanía) e un dos puntos fundamentais do plan "B" de Varoufakis, creación de conciencia social, a través de todas aquelas Organizacións non gobernamentais que intentan desmascarar a gran mentira construída polos mass media ao servizo dos intereses dunha minoría.

Pode que esa forza non sexa suficiente para intentar acadar unha nova maneira de xestionar os "medios de produción", onde as Institucións sexan capaces de impoñer as leis fronte as corporacións económicas transgresoras. Mais debemos intentalo.

E para rematar algo que é de sentido común aínda que en *Titirilandia* soe a provocación ; as palabras de Tiqqun "[...] O comunismo é unha disposición ética: unha disposición a deixarse afectar, en contacto con outros seres polo que nos é común. Unha disposición a compartir o común. O outro Estado de Musil páreceselle máis que a Rusia de Jruschov." (Teoría del Bloom). "[...] O comunismo non é unha idea mellor que a orde republicana da cidadanía. É xa o dixemos, un medio non un fin..." (Carlos Fernández Liria). ■

Lobos sucios



O vindeiro 14 de Abril ás 20:30 horas se estrea a película na Casa da Cultura do Barco.

Título original: Lobos sucios

Año: 2015. **País:** España.

Director: Simón Casal.

Guión: Paula Cons, Noelia del Río, Felipe Rodríguez Lameiro

Música: Sergio Moure

Fotografía: Sergi Gallardo

Reparto: Manuela Vellés, Marian Álvarez, Sam Louwyck, Pierre Kiwitt, Thomas Coumans, IsakFérriz

Productora: Coproducción España-Bélgica; Agallas Films / DreamTeam Concept / Left Field Ventures

Género: Thriller. Aventuras | Basado en hechos reais. Años 40. II Guerra Mundial. Brujería. Nazismo

Sinopsis: Manuela (Marian Álvarez) es una minera rechazada por ser medio bruja -meiga-, pero capaz de embarcarse en un robo a los nazis por tratar de curar a su hija enferma. Por su parte Candela (Manuela Vellés) es su hermana pequeña, que le acompaña en esta gran aventura, en la que demostrarán que dos mineras gallegas pudieron cambiar el curso de la historia de la Segunda Guerra Mundial... "Lobos sucios" está ambientada en las minas gallegas de wolframio explotadas por los nazis durante la guerra, inspirada libremente en hechos, historias y personajes reales. (FILMAFFINITY)

No cárcere

Na cidade da Coruña ó pe da Torre de Hércules atópase o vello edificio da antiga prisión provincial de A Coruña. Hoxe en día, un lugar que ameaza ruína, cos tellados cubertos de herbas e felgos e onde as gaivotas aniñan as súas crías.

Dende o ano 2010 unha iniciativa cidadá chamada "Proxecto Cárcere" intenta a recuperación dese inmenso espazo -mais de 10.000 m²- para adicalo a actividades culturais, educativas e sociais e ónde a participación colectiva e a autoexestión sexan as notas predominantes. Cinco anos despois esa iniciativa continúa o seu traballo a pesares das burocracias o desinterés ou a ineficacia das diferentes administracións.

O edificio do cárcere da Coruña foi construído no anos vinte do século pasado para aloxar ós presos nunhas condicións máis dignas que o antigo presidio da cidade que era calificado polo que fora alcalde da cidade Carlos Martínez Esparís de "mazmorra inmundada".

Tras o golpe de estado do xeneral Franco en xullo de 1936 os muros da nosa vella prisión cobrarían un triste protagonismo na historia do país.

Nos primeiros anos encheuse coa corporación municipal, gobernadores, dirixentes sindicais ou veciños comprometidos. Eran levados a decenas para pasar un tempo mínimo antes de ser asesiñados despois dun xuício farsa ou por medio dun traslado a outro lugar no que se remataba ós prisioneiros aplicando unha "lei de fugas", polo que se podía disparar sen contemplacións.

No primeiro caso recordamos ó alcalde Alfredo Suárez Ferrín que despois de cinco días e cun "xuízo ex-

pres" foi fusilado no campo da rata, un fermoso e triste lugar xunto ó penal onde este home, e centos deles máis, levaron a mesma sorte; o segundo caso foi o de José Villaverde, líder da CNT, que un día desapareceu sen rastro ata que un home dunha aldea de Arteixo tivo piedade e comunicou a familia onde estaba o corpo.

Neses primeiros anos o penal tivo unha poboación multiplicada e nunhas condicións miserables; os que non foron mortos por fusilamento foron mortos pola fame.

O cárcere era un lugar triste e que nos recorda Xerardo Díaz preso a partir do 1937.

"O pátio estaba máis cheo que de costume e tamén víanse moitas cabezas rapadas, sinal de que entrara moita xente nova. Camiñábase a presa como si algo dentro de nós nos empuxara; tiñamos presa pro sair dali; tiñamos presa por poder berrar, por poder falar, por poder vivir..."

Os pés de máis de mil trescentos homes arrastrándose polo chan con calzados de todas crases, facían un bruido monótono e irritante, un chas-chas que non remataba nunca, que nos entonecía como unha chuva sin vento, como unha tormenta sen tronos nin lóstregos, sin bufardas nin auga; era como un laio que viña dun mundo que non era o noso e que se burlaba de nós..."

A represión contra a guerrilla foi outro momento de redadas e aprehensións. A rede tecida polo movemento guerrilleiro, desde os primeiros momentos, sostíñase graças ós enlaces e puntos de apoio. A partir de que o réxime franquista soubo que os aliados vencedores da segunda guerra non írían en contra deles, iniciouse a ofensiva contra a guerrilla antifranquista e calquera tipo de apoio. Mayoritariamente foron tiroteados en asaltos ás sedes,



e tamén foron apresados xunto con familiares e enlaces como Emilia Patiño presa por coser unha bandeira ou *Manolito* Bello un rapaz que colaboraba coa guerrilla da IV Agrupación. Entre os que foron presos e posteriormente executados, destacamos ós dirixentes Antonio Seoane, Gomez Gayoso ou Benigno Andrade García "Foucellas".

Camilo de Dios, guerrilleiro da III Agrupación, descríbennos o seu tempo no cárcere no ano 1949, un dos penales polos que pasou nos dez anos de privación de liberdade.

"No cárcere da Coruña foi horrible, déronme moi mal de comer, os condenados a morte estaban moi mal alimentados. Tiñan 1,50 pesetas de presupuesto por preso e descontábannos a auga, a luz e a roupa, manta e colchoneta. Os condenados tiñan 3 pesetas e tamén os enfermos que ademais do rancho tiñán tamén patacas",

"Era moi triste, pasamos alí moita fame e miseria. José María Saavedra antes de morrer estivo conmigo, era moi amigo meu; foi unha noite longa e triste, regaloume cinco pesos e un relox. Era socialista, foi morto a garrote vil. Non quixera marchar cos outros socialistas a Francia".

Durante os anos que durou a ditadura o xeneral Franco sempre extremou as súas medidas de seguridade. E así, cando acudía a veranear ó pazo de Meirás, facíanse redadas para apresar ás persoas que o réxime consideraba perigosas; durante moitos anos, veciños da Coruña "veraneaban" no cárcere xunto a torre de Hércules mentras o xefe de estado facíu na súa residencia de verán sufragada con "impostos especiais" pagados pola veciñanza da comarca coruñesa.

Nos anos sesenta e setenta do século pasado co rexurdir na clan-

destinidade dos sindicatos, dos partidos políticos e dos movementos estudiantís., volverá o cárcere da Coruña a encherse de estudantes e sindicalistas. Dirixentes sindicais de Ferrol: Pillado, Amor Deus ou Fina Varela; estudantes de Santiago como Manuel Segura ou Vicente Areces, e incluso rapaces e rapazas

de Instituto como Luciano Gómez ou Celsa Díaz Cabanela foron os novos "inquilinos" do noso vello edificio.

As condicións eran millores e a solidariedade externa era inmensa, a presión internacional tamén, as penas eran menores e o apoio dentro do penal era moi grande entre os internos. O paso polo cárcere foi igualmente doloroso para os presos e as familias, pero non deixaba de ser paradóxico que ir ó cárcere era unha liberación pois saíase da comisaría onde as torturas e os malos tratos eran aplicadas polos mandos policiais sen contemplacións e con total impunidad. Como nos recorda Jose Manuel Díaz Montero preso no 1972

"Na comisaría de Ferrol vin a Rafael Pillado tras os barrotos. Deranlles unhas hostias e decíame: non teñas medo, tranquilo". Despois detiveron a Miguel Rey e a Soto que "chegou coa cara ensangrentada". Fun levado á prisión de Coruña xunto con Ramiro Romero e o párroco de San Pablo Antonio Martínez Aneiros. No penal da Coruña coincidín con Paco Rodríguez, e con numerosos compañeiros do PC, como Álvarez Areces, Rafael Pillado, Julio Aneiros, Paco Balón, Paco Fil-



gueiras, Anxo Guerreiro, Angel Porto e Pepolo. Tamén me aotpei a Ramiro Tenreiro que xa torturaran cando a folga de Megasa, e chegou maltrecho ó cárcere. Fernando Miramontes chegou feito un cristo, cos ollos morados e inflamados pola violencia das malleiras e torturas que lle infrinxiron na comisaría de Ferrol: Quedei desencanaído cando o vin chegar, e nunca se queixou. Sempre o admiré por eso. Tamén maltraran a José María Cabado, zurraranlle ben".

O franquismo despediuse igual que como chegou. Lembrar que un mes antes do falecemento do ditador en novembro de 1975, cinco antifranquistas, entre eles o vigués José Humberto Baena, que tamén estivera na prisión da Coruña, serían fusilados pese as protestas nacionais e internacionais.

Hoxe o cárcere lembra o sucedido alí. Podemos entrar a través do blog <http://memoriadocarcere.com/> que é o lugar de encontro e loita contra o esquecemento.

Carmen García - Rodeja (A.R.M.H.)
<http://memoriahistorica.org.es/>

José Lado (Proxecto Cárcere)
<http://proxectocarcere.blogaliza.org/>

Fotos Mada Carballeira ■

1977-2016

Cando caduca unha Constitución?

41 anos despois da morte de Franco o inmovilismo reaccionario do PP e o neo-fundamentalismo teaparty de C'S permítense pasear o ataude incorrupto de Adolfo Suarez e expandir e poñer en marcha botafumeiros trinitarios da España Franquista: unha, grande e libre (de impostos, p'algúis) aplícadolle esta letanía a Constitución: España=Constitución.

Unha constitución é só unha metonimia da Democracia e non un símil. A constitución non é un libro de pedra, un decálogo, un documento monolítico e estático da realidade dinámica e mellorable do réxime democrático que un país se otorga cada certo tempo. A nosa xa vai maduriña e está a piques de cumprir os coarenta anos, daí para arriba non te molles a barriga porque comezaron os achaques.

A maioría conservadora do PPopular durante a última lexislatura polo lado autonómico predicaba o integrista constitucional mentras

polo lado social, vía decreto-lei, co rodillo parlamentario, cambiaba a Constitución a favor dunha minoría, traicionando o de si restreñido, consenso democrático da Transición do 1978 (cambios en Facenda, Pensións, Ensino, Sanidade, liberdade de expresión etc.) Cun goberno progresista no poder sería prioritario cambiar artgos e leis retrogradadas, darlle a volta ao calcetín.

A soberanía e autonomía económico-fiscal e lexislatoria do Estado cada vez está máis desleixada aos lobbies multinacionais e ao Parlamento europeo, ante isto reacciónase cunha imposición de principios inamovibles... pero non tanto porque xa que houbo excepcións interesadas: os cambios constitucionais do 1992 e 2011, e o intento de desterrar a Lei Sálica Onecarlita (non vaia ser o demo que no S. XXI iníciense as guerras froilanistas). Perdida a autoridade fóra e para fóra, atoados no fango da corrupción, non se dá aberta a man a formación dun Es-

cada do século XXI:

- Un cambio constitucional a fondo que supoña a desaparición das fronteiras intraestatais e das velhas e caducadas estruturas decimonónicas e a súa deconstrución: provincias, diputacións, concellos; reartellamento das obsoletas estruturas vixesimonónicas: as autonomías na súa situación actual a cabalo entre cidades-estado transxibaltareñas, deputacións provinciais autonómicas e forais, e autonomías forais, históricas e estatutarias, nas que a falta de lexislación ou a superabundancia da mesma permitiu unha competitividade ou emulación ou ciumes tolos ou envexa insana ou estupidez que se traduciu non só nun endebedamento insostible, senón que España converteuse nun gran cemiterio de elefantes brancos: aeroportos sen avións, cidades fantasma (cidade da Cultura en Santiago, Cidade da Xustiza en Madrid, Cidade do Cine en Valencia etc.) se a iso sumámoslle a desfeita do ladrillo – ollo que volve!- produto primeiramente dunha lexislación à la carte e logo da codicia e desfreo bancario podemos expricar en parte as crises que estamos a sufrir.

En resume sería desexable un Federalismo, sen fronteiras sanitarias e burocráticas, por exemplo, ou algo así.

- Un cambio lexislatorio respecto as leis electorais Estatal e autonómicas que tería que ir xunguido a restructuración do territorio político e físico (os cambios nas confederacións hidrográficas na actualidade son un contrasentido, como o distinto número de votos para obtención dos deputados, coma as "fronteiras" interautonómicas, mesmo polo camiño habería que

tado Federal puro ou mixto (confederal-federal) convivindo todas as fórmulas autonomistas-atomistas que non hai por donde collelas, absurdos produtos da improvisación e correlación de forzas oportunista da Transfusión dos 70's do século XX.

A Democracia Española quédanlle varias asignaturas pendentes, entre outras mal aprobadas ou obsoletas, en plena segunda dé-



desprenderse dalgunha caspa, perdón casta política: a datos do 2009, os soldos dos políticos electos - 80.000 membros que enchería un estadio coma o do Real Madrid- custánlle á cidadanía uns 720 millois de euros/ano, máis que o orzamento anual da rede ferroviaria, tres veces os cartos dedicados a coidar o patrimonio nacional do común)

- Unha lexislación do S. XXI para Igrexa Católica no sentido inmobiliario, sobre todo. Eliminación das exencións en taxas e impostos. A igrexa, herdeira do imperio romano constantiniano, non deixa de ser un estado extranxeiro incrustado nun paraíso fiscal, que neste caso vén sendo España, que aínda por riba lle devenga dos presupostos do Estado e do recadado no IRPF. A falta dos dezmos estamos lle pagar unha especie de imposto de radicación a Cidade do Vaticano. Inda por riba parte dos emolumentos recibidos sêrvenlle para perpetuar a súa dominancia ideolóxica a través da Cope e 13TV etc. como senón lle foran abondo púlpitos, catequese e as clases de relixión da LODE.

- Unha lexislatura que desambigüe craramente a diferenza entre instancias estatais e non estatais, ou que clarifique o dominio público ou privado nos alicerces básicos da nosa Constitución, tal coma o dereito a un Ensino e unha Sanidade estatais. A lexislación e o sacrosanto déficit público debe marcar con límites meridianos a subvención a través de impostos dunha sanidade e ensino públicos estado-federais. Nun *Estado liberal de economía de mercado* - definición que tanto lle enche a boca a certa clase política- debemos permitir a existencia e a libre concorrencia dunha sanidade e ensino de ambos sectores, públicos ou restrinxidos, estes últimos baseados na inversión privada e só privada, sen subvenciois estatais ou das administracións de ningún tipo, mesmo agachadas baixo



elroto@inicia.es

a trampullada das concertacións. Neste punto cumpre unha verdadeira pedagogía democrática que poña a realidade de cada quen no seu lugar, comezando coa propia administración do Estado, a cal tería que empezar por se mesma e non “engañar” a Tesorería da Seguridade Social (a chamada Caixa única) mediante o subterfuxio da adscripción dos seus funcionarios xerais, das forzas armadas ou do ministerio de Xustiza nas mutuas de MUFACE, ISFAS ou MUGEJU, o que supón un desgaste indirecto da sanidade pública e un deterioro xeral da *Caixa das pensións*, que se está a converter na caixa de tócame Roque desde que o ministro de recortes e dádivas Montoro non parou de meterlle man durante toda a derradeira lexislatura.

E por fin, *the last but not the least*, seguimos co noso arbitramento, non estaría de máis unha revisión democrática da Xefatura do Estado, xa imos para máis de 40 anos de continuidade do Rexime Franzista, exprícome: “O nomeamento de Don Juan Carlos como sucesor de Franco a título de Rey por aprobación das Cortes, o 22 de xullo de 1969, foi un dos principais acontecementos que plasmaron na historia a instauración da Monarquía do 18 de xullo”. Non de-

berían existir nen motivos nen obrigas adquiridas para que no S XXI a xefatura do Estado sexa hereditaria e menos que os seus orzamentos sigan a ser totalmente opacos e non sometidos a ningún tipo de fiscalización contable nen política por parte do Parlamento.

A democracia é ante todo un rexime nomolóxico, en que todo cidadá ou institución deben estar sometidos a razón e a igualdade ante a lei, non hai ningunha lei científica ni xenética que xustifique o contrario. Calquera situación de excepción rincha os dentes e provoca friccións e enfrontamentos entre a cidadanía.

A monarquía hereditaria pode dar pé a aparición de senadores ou deputados hereditarios; autonomías que queren acollerse a excepción da situación baseándose no agravio comparativo (non por menos saltaron as guerras carlistas borbónicas no S XIX); ou mesmo que os aristócratas de novo cruño -empresarios do IBEX ou non, expolíticos xiratorios, élite dos media etc.) quéranse acoller tamén ao dereito divino e non pagar impostos nin taxa como fai o xefe do Estado ou a Igrexa Católica, e nos vexamos sen querer nunha nova Edade Media fiscal. ■

O Patrimonio cultural do noso Concello

O catálogo patrimonial do concello do Barco a mediados do pasado ano de 2015 compúñase de 146 pezas, das cales a maior parte, 103, son obras arquitectónicas (18 relixiosas; 84 edificacións civís e 1 obra militar: a torre – fortaleza da Vila do Castro), ás que se deberían engadir dous (2) pombais (en Millarouso e Viloira), oficialmente clasificados como parte do patrimonio etnográfico (con tres pezas en total, contando cun cruceiro). Outras 37 pezas están rexistradas como patrimonio arqueolóxico, comprendendo 13 castros, 11 restos de antigas explotacións auríferas, 10 xacementos romanos e 3 petroglifos ou insculturas rupestres. Por último 3 lugares están catalogados como espazos naturais e paisaxísticos (parte da serra enclavada na freguesía de Forcadela e Nogaledo; a Raña e a Pincheira de Fervenza).

Dado o interese que ten protexer o noso patrimonio gustárame en especial sinalar algunhas deficiencias que poden observar dun xeito superficial, sen querer entrar en detalle sobre moitas máis que o lector pode notar. A primeira vista hai unha clasificación defectuosa: hai elementos — como fornos, muíños, adegas, fontes —, que de igual xeito que os pombares, deberían estar no apartado de patrimonio etnográfico. O Porto da Barca debería estar nese mesmo apartado etnográfico ou quizais no arqueolóxico, e baixo protección especial, porque é o berce da localidade do Barco de Valdeorras. Nin unha triste placa lembra o feito, tan transcendental para a historia municipal. Pero a clasificación precisa é quizais un problema menor.

O asunto importante é o que non está. Paréceme increíble que só estea incluída unha soa fonte ! (na Vila do Castro), unha única adega ! (no Castro) e tan só cinco muíños (sitos en Éntoma, Fervenza, Santiago, Xagoaza e máis en Candís, respectivamente), en toda a ampla extensión do concello. Hai aldeas ou barrios enteiros dos que non hai incluído nin o máis mínimo elemento de calquera clase. Así sucede con Coedo, a pesar da súa categoría de parroquia; tampouco en Tremiñá, na freguesía de Veigamuíños; nin do

barrio de CEDIE ou en San Roque – Casas Baratas, lugares dos que excuso todo comentario por ser ben coñecidos, e dos que existen pezas a protexer. Tampouco creo que as paraxes naturais ou paisaxísticas sexán só as tres que se recollen.

Non hai un só conxunto arquitectónico salvagardado, só hai edificios singulares: unha casa aquí, outra alí e outra acolá, mais non unha inclusión que respecte un tramo ou un treito enteiro: ésta rúa ou esa praza. Nótese que hai catro casas (4) catalogadas na rúa San

“Castelao” obra de Cochorro



Mauro (a popular 'Calle Oscura'), pero non o conxunto; tres na praza Maior, pero non a praza en si; oito edificacións na Vila do Castro (unha BIC, a antiga fortaleza dos condes de Ribadavia, por declaración de carácter nacional), pero non un conxunto; dúas edificacións na praza de Otero Pedrayo (a antiga praza da Feira), pero non o conxunto en si, etc.

Con todo hai un apartado, que o catálogo oficial do noso concello ten practicamente baleiro ou ... case. Trátase do patrimonio moble / móbil, é dicir aquel que se pode deslocalizar, transportar. Dixen case, porque hai un cruceiro que se incluíu, e que precisamente se moveu hai varios anos, estando na actualidade fixado na encrucillada entre as rúas de Eulogio Fernández e do Conde de Fe-

nosa. Como non houbo aquí tradición de cruceiros en pedra (como non a houbo de hórreos, pola pequena relevancia do millo na nosa tradición agrícola), este é moderno, pero non hai dúbida de que é cousa singular na nosa vila. Segundo me informaron é obra do escultor Bucións (Manuel García Vázquez, n. 1938), que de ser certo sería das súas primeiras obras.

Ao non haberen outras pezas catalogadas podería pensarse que o noso concello é un municipio espido nese sentido. Mais abonda con que calquera camiño, pola vila do Barco, con ollos atentos para atopar unha serie de obras á vista. Así no paseo do Malecón temos as seguintes obras de arte ou patrimoniais:

- Lomarti (Juan José López Martínez), A DN, escultura en

granito.

- Cochorro (Luís Fernández González), A Castelao no seu centenario, a. 1988, escultura, granito, pedra vermella e ferro.
- Xelo de Tremiñá (Ángel García), Busto do Dr. Pérez Lista, 1988 ?, escultura en bronce.
- Fonte, dita da ra, cun reló de sol averiado, pedras de muiño en granito, etc.
- Barragán, Mural inscultórico "C Guane" (Muro da Casa da Cultura).

Na praza de Lauro Olmo:

- Lomarti e Xoán Guerreiro, Homenaxe a Luís Seoane, 1994 , mural cerámico.

Na praza do Príncipe:

- Xelo de Tremiñá, Fonte, anos 70, pedra, metal e auga.

Xardín da casa do Río Cigüeño:

- Cochorro, Homenaxe aos represaliados do franquismo, 2009, granito e cemento.

Outros bens mobles están baixo espazo cuberto, e son sen dúbida bens municipais. Basta entrar no novo edificio da Casa do Concello e dirixir a vista cara arriba para ver na parede unha escultura polícroma de Paco Pestana "Coméndolle o medo á lúa" (1996). Nas dúas casas do concello hai obras pictóricas, dos que non coñezo os autores porque non teño descaro abondo para achegarme a inspeccionar as sinaturas. Están catalogadas ?. Como mínimo deben figurar nalgún inventario. Se non o hai é preciso facelo co maior rigor, que o cidadán o coñeza, debendo figurar non só en documento escrito, senón que debe ser posto a disposición aberta na páxina web do concello, con foto incluída, porque esta é a garantía do control público do que son bens colectivos de todos os veciños. ■



Toda esperanza para los cine clubs terminó en el 36

“ El verdadero crimen está en que un grupo de funcionarios del gobierno determinen qué pueden o no pueden ver los ciudadanos.”

SAM RAIMI
(director estadounidense)

El cine era a principios de siglo un arma eficaz para el adoctrinamiento de masas. Líderes mundiales de cualquier ideología hacían de las películas el medio más eficaz para aupar e imponer su ideología. Desde Hitler hasta Stalin a través de sus más allegados colaboradores intentaron colonizar el pensamiento de sus ciudadanos.

Como escapar de esto, solo se podrá hacer si el producto es ofrecido al pueblo desde una perspectiva independiente donde sobre todos y todo prime la libertad de poder o no poder consumirlo. ¿Quién ofrece desde siempre esta posibilidad?: Los cine clubs independientes que a través de sus directivas ofrecen un film con la posibilidad de, después de su visionado, analizarlo, ensalzarlo, debatirlo y tritararlo si llega el caso.

En la historia de este país uno de los momentos de más auge de los cine clubs llegó con la II República, con la llegada del gobierno republicano el movimiento cineclubista experimentó un gran auge. De aquel primer Cineclub Español y sus contados “sucesores”- cine club Mirador por ejemplo- surgieron nuevas entidades especializadas que fueron más allá de la mera exhibición de películas, es obvio que, para un conocimiento de la actividad que se desarrolló posteriormente en los numerosos cineclubs españoles, estas entidades cinematográficas, “republicanas” son los precedentes más cualificados para su comprensión actual.

La historia del cineclubismo español está aún por escribirse pero analizando aquella época tenemos que durante la misma podemos contabilizar 28 cineclubs con toda seguridad, de los cuales se conocen sus programas a excepción de 4: 17 corresponden a Madrid, 2 a Barcelona y Santander, 1 a Segovia, Valencia, Cartagena, Tarraza y Oviedo; de los restantes no se conoce la localidad. Sus denominaciones nos dan una idea de su carácter ideológico: “Socorro Rojo Internacional”, “Cineclub del SEU”, “Cineclub Proletario de la Biblioteca Circulante de Chamartín de la Rosa”... que contrastaban con otras entidades cineclubistas tradicionales, de carácter más intelectual, minoritario y con fines de culturización cinematográfica.

En resumen estamos otra vez ante las dos Españas,

hablando en términos cineclubistas, “los cineclubs burgueses e intelectuales “y los cineclubs llamados proletarios, con unas diferencias marcadas en varios puntos:

1. Vinculación a organizaciones obreras, por ejemplo Sindicatos.
2. Carácter obligatoriamente esporádico de sus sesiones. (escasez de películas apropiadas, dificultades económicas, necesidad de explotar políticamente al máximo cada sesión....
3. Mayor facilidad de acceso a precios más asequibles para un público popular.
4. Utilización, vía films soviéticos, del cine club para el adoctrinamiento y la concienciación de las clases populares.

La revista Nuestro Cinema- guía del movimiento cineclubístico proletario, propuso a través de Juan Piqueras un extenso artículo-manifiesto, (1) las pautas a seguir para conseguir que aquello llegará a buen fin. De aquel artículo podemos destacar la necesidad de acercar ese cine al pueblo, poniendo a su disposición la información necesaria para poder ver las películas en su lugar de proyección, para los cineclubs donde pueden contratarse, los precios de alquiler.

Dado que la importación de films resultaba costosa, escapando así a las posibilidades de los cineclubs. Piqueras proponía la creación de una Federación Española de Cineclubs proletarios que con su gestión permitiese dar vida a la incipiente demanda de cine para el pueblo.

La desaparición de la revista especializada frustró la aventura cineclubista más ambiciosa que acaso tuvo el país. Mientras por otro lados los cineclubs tradicionales siguieron creciendo a través de entidades particulares o grupos de aficionados que iban surgiendo poco a poco y llegaron incluso a tener proyecciones públicas en cines comerciales, la llegada de la guerra dio al traste con todo y el cineclubismo tiene que esperar a finales de los 50 para poder levantar cabeza pero ya con otras miras dado que fue permanentemente vigilado por una censura feroz.

Nuestro Cinema, 13 octubre, 1933

José María Rodríguez.

Pte. Cine Club “Groucho Marx” de O Barco ■

Por un rural máis vivo

INTRODUCCIÓN

A recente modificación, 21 de xullo de 2015, da Lei de Montes supón un abandono da xestión forestal e un claro retroceso xa que:

Elimina a obrigatoriedade da elaboración de planes de xestión dos montes que estean en aproveitamento.

Reabre a posibilidade de construír en montes queimados deixando nas mans das comunidades autónomas a decisión de recalificación coa previa consideración de proxecto de interese xeral, até agora blindados nos 30 anos posteriores ao lume.

Degrada aos axentes forestais minguando as súas competencias á hora de denunciar delitos ambientais, establecendo limitacións nas súas tarefas de vixilancia e denuncia.

Estabece menores controles para realizar cultivos forestais intensivos, favorecendo deste xeito intereses concretos como o do sector da celulosa.

Esta lei propicia unha total desidia e desprotección ambiental no

noso país polo que é necesaria a súa derogación.

AUTOXESTIÓN NO RURAL

Un aspecto importante das achegas do monte son as explotacións forestais, que en moitos casos complementan unha economía labrega de subsistencia. Estas ademais de ser unha fonte de ingresos para os veciños e veciñas implica o coidado e protección do medio natural que incide positivamente na eliminación do risco de incendios. Por iso a normativa debería ir encamiñada a facilitar a autoxestión do monte por parte da veciñanza creando un organismo independente complementario para asesorar e mediar en caso de conflitos de intereses.

Autoxestión dos habitantes do medio rural para decidir a súa implicación nos temas de territorio, nas concentracións parcelarias, na promoción do cooperativismo de produción e de comercialización, así como para decidir o tipo de plantación ou cultivo que queren desenvolver. O Futuro do rural

está no cooperativismo e o futuro do cooperativismo pasa pola modernización e a incorporación das mulleres ao traballo agrario en igualdade. Autoxestión para desenvolver no campo unha vida de acordo coas necesidades actuais asegurando unha economía agraria que permita erradicar a pobreza alimentaria e fixar poboación no mundo rural. Autoxestión no traballo, na produción e na comercialización dos produtos, que permita dignificar a vida no rural, potenciando criterios legais de igualdade de xénero con servizos básicos: transporte, escolas, garderías, coidados, que garantan o traballo das mulleres en igualdade.

Autoxestión en controlar e promover a entresaca e tala selectiva coa obriga de repoboar e incrementar a masa forestal plantando tres árbores por cada un cortado. Autoxestión para a poxa co sector madeireiro, suprimindo a intermediación e intervención da administración autonómica, eliminando deste xeito o tráfico de influencias ou o tan famoso caciquismo galego.

>>



<< IMPLICACIÓN DOS CONCELLOS

Por outra banda é necesaria unha maior implicación por parte da administración para aprobar nos orzamentos axudas á produción e comercialización directa, primar a contratación de produtos agroalimentarios autóctonos así como dotar ás administracións locais de competencias para facilitar o cultivo e promoción dos produtos agrarios de autoconsumo e non poñer trabas administrativas á comercialización de excedentes. É necesario concienciar aos xestores dos servizos públicos na compra de produtos de proximidade, por exemplo nos comedores escolares, residencias ou hospitais.

É imprescindible máis cultura e máis sensibilidade coa masa arborea: control sanitario de pragas, podas axeitadas a cada especie, talas en función da saúde das árbores e plantación diversificada de especies para conservar a diversidade botánica autóctona.

Os Concellos deben exercer un control da masa botánica local para frear as empresas madeireiras que son as que se lucran das talas masivas, incontroladas e indiscriminadas. Así mesmo teñen a obriga de defender os espazos naturais das ribeiras dos ríos que forman parte da paisaxe e do entorno natural para lecer da veciñanza. É a súa responsabilidade denunciar e controlar as desfeitas facilitadas por permisos concedidos polas Confederacións Hidrográficas. Sirva de exemplo os permisos de tala concedidos pola Confederación Miño-Sil e que nos últimos meses se están a facer nos ríos de Valdeorras: Sil, Mariñán, Galir, Candís... de gran impacto medioambiental e visual para a nosa paisaxe.

Nas mans de todas e todos está preservar un medio natural para poder transmitir ás xeracións vindeiras. ■

TTIP: o cabalo de Troia

Desde hai 3 anos a Unión Europea e EEUU están a manter negociacións para a firma dun tratado de libre comercio, o denominado TTIP (*Transatlantic Trade and Investment Partnership*), que, de chegar a asinarse, crearía a maior zona de libre comercio do mundo, afectando a máis de 800 millóns de persoas e supoñendo o 50% do comercio e o 60% do PIB mundiais.

As reunións, baixo a presidencia dun español na delegación europea, son opacas e estanse celebrando sen transparencia e con gran segredo. Os parlamentarios europeos están a ter grandes trabas e dificultades para acceder e consultar os documentos que se están negociando (previa solicitude con antelación dos documentos para consultar, sen mobil nin papeis nin lapis ou bolígrafos e acompañados por un funcionario). O que se está coñecendo das negociacións é grazas á presión social (máis dun millón de firmas recollidas en toda Europa) e a través de filtracións. No tempo que levan de negociación, a delegación europea reuniuse nun 97% das ocasións con lobies empresariais e nun 3% coa sociedade civil.


Actualmente, EEUU ten asinados, entre outros, tratados con México e Canadá (NAFTA) e con gran parte do sueste asiático, o Acordo Transpacífico (TTP).

O TTIP baséase en tres alicerces fundamentais: os aranceis, a normativa e a protección dos investidores.

As tarifas arancelarias aplicadas pola UE aos produtos americanos supoñen de media un 5,2% e no sentido contrario un 3,5%. En

xeral, e salvo excepcións (tabaco e vehículos a motor), os aranceis practicamente xa non existen.

A firma do tratado levará implícita unha harmonización da lexislación de ambos socios, e non só en materia económica, comercial ou financeira, senón tamén laboral, sanitaria, ambiental ou de consumo. Iso quere dicir que as normas e leis a ambos os dous lados do Atlántico terán que ser estandarizadas e equiparables. En xeral, na Unión Europea, a normativa laboral, sanitaria e de consumo é moito máis protectora e restritiva que a americana. A harmonización fai temer unha relaxación das normas e unha equiparación das mesmas á baixa. A lexislación de EEUU permite o uso de hormonas do crecemento e a aplicación masiva de antibióticos no gando, o clonado, os cultivos transxénicos, o tratamento das carnes de aves por cloración ou a extracción de hidrocarburos coa técnica do fracking. A UE dispón dun amplo sistema de protección dos traballadores, que en EEUU apenas existe. De feito, EEUU só ratificou 2 das 8 normas fundamentais da Organización Internacional do Traballo que buscan protexer os traballadores. A entrada en vigor do tratado, que se prevé para o ano 2017, supoñerá un recoñecemento mutuo inmediato que permitirá a libre circulación de todos os produtos pola totalidade do espazo común. Haberá cambios importantes na etiquetaxe dos mesmos, evitando así a súa diferenciación. Tratarase dun tratado "vivo", cunha modificación continua da normativa a todos os niveis; UE, nacional, au-



tonómico e municipal.

A nivel local, será moi difícil remunicipalizar servizos ou subministracións privatizados por parte dos concellos, xa que, segundo o tratado considerárase unha expropiación. Tamén se verán desfavorecidas as pemes locais, xa que calquera compra ou contratación que teña que efectuar un concello deberá de poder ser fornecida por calquera empresa do ámbito do espazo económico. O TTIP Tamén afectará os servizos públicos tales como a sanidade e a educación xa que pretende a súa privatización pola técnica denominada "*lista negativa*", segundo a cal, os servizos que non estean nunha lista cos que non se poden privatizar, serán privatizables.

O terceiro alicerce do tratado afecta os investidores, ás grandes compañías. Créase un mecanismo de resolución de conflitos entre investidores e estados (ISDS). O control das multinacionais por parte dos estados queda limitado. Saltándose os tribunais ordinarios, créanse uns

tribunais de arbitraje, compostos por tres avogados que se reúnen a porta pechada, para que as grandes compañías poidan demandar aos estados no caso no que estas vexan prexudicados os seus intereses polos cambios normativos que un país poida introducir na súa lexislación. As decisións do tribunal de arbitraje serán vinculantes. Se unha lei afecta negativamente os beneficios dunha compañía, esta pode denunciar ao estado. As expectativas de beneficios destas corporacións pódense ver afectadas por leis ambientais, pola lexislación social, p.e sobre o salario mínimo, por subidas de impostos, por prohibición de determinadas prácticas ou produtos, etc.

En función de distintos tratados comerciais, vemos algúns exemplos de demandas investidor-estado que nos predín o futuro do que poderá ocorrer coa firma do TTIP: A petroleira americana Lone Pine demandou 250 millóns de dólares ao goberno de Canadá porque Quebec prohibira o fracking, Philip Mo-

ris demandou aos gobernos de Uruguai (reclámalle 2.000 millóns de dólares) e Australia polo empacado xenérico de cigarros e as advertencias sobre os efectos nocivos do consumo de tabaco, A multinacional francesa Veolia, concesionaria do servizo de recollida de lixo en Alexandría, demandou ao goberno de Exipto pola subida do salario mínimo. Ante estas situacións moitos países acaban na inacción, nunha conxelación legislativa e cedendo a súa soberanía ás multinacionais.

En setembro de 2015, no cume para o Desenvolvemento Sustentable, os estados membros da ONU aprobaron a denominada axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable, que inclúe un conxunto de 17 obxectivos encamiñados a terminar coa pobreza, loitar contra a desigualdade e a inxustiza, e facer fronte ao cambio climático. Un dos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) compromete aos gobernos mundiais a incrementar dunha forma importante as exportacións dos países en desenvolvemento. O TTIP vai afectar negativamente ao desenvolvemento de terceiros países, xa que ampara un comercio discriminatorio. Toda América Latina e o Caribe veranse afectados polo TTIP, xa que unha parte moi importante do seu PIB baséase nas exportacións cara a Europa e EEUU.


Se o tratado de libre comercio se asina nas condicións que transcenderon, estaremos ante un punto de inflexión das relacións comerciais UE-EEUU, pero sobre todo estaremos ante o que moitos xa denominan a "*Constitución das multinacionais*" ou o "cabalo de Troia", cuns gobernos marionetas, ningunados e desprovistos de gran parte das súas competencias, e unhas multinacionais convertidas nas lexisladoras mundiais. ■

Tratados de libre comercio: a ameaza actual (?)

Despois da II Guerra Mundial os Estados Unidos reconvertiron a súa industria militar en industria civil. Esta situación levou ao país a un problema de sobreprodución, pois o principal mercado onde vender os seus bens, Europa, estaba completamente esnaquizado polos efectos da guerra, e os gobernos centraban todas as súas políticas na reconstrución do seu territorio. O coñecido como "Plan Marshall", achegou diñeiro aos países europeos a cambio de pautas comerciais preferentes para os Estados Unidos.

O goberno norteamericano atopárase pois, co seguinte problema a afrontar, os altos niveis aduaneiros que hai no comercio mundial debido ás políticas proteccionistas que se dan no mundo nese intre, e que alcanzan un 40% sobre o valor do produto. Para solucionar esta cuestión o goberno americano promove a creación da OIC (Organización Internacional do Comercio), pero todos os países que despois da fin da II Guerra Mundial estiveran integrados na ONU pasaban, segundo a súa normativa de funcionamento, a formar parte automaticamente de calquera organismo internacional que se constituíse.

Estamos no xérmolo da Guerra Fría e iso fai que os Estados Unidos aposten pois por un organismo no que non se puidera inserir a URSS. Nace así o GATT (Acordo Xeral sobre Aranceis Aduaneiros e Comercio) que, entre 1947 e 1995, conseguirá reducir un 96% a contía aduaneira sobre o valor do produto. O obxectivo pasan a ser pois os servizos. Así pois en 1995 nace a OMC



(Organización Mundial do Comercio), que vai servir para espallar as dinámicas neoliberais nas políticas internacionais. Se ben é certo que o bloqueo do III Cumio da OMC en Seattle no ano 1999 (por causa da coñecida como *Batalla de Seattle*, que dará lugar ao nacemento do movemento antiglobalización), así como o fracaso posterior da Rolda de Doha (2001), fai que se cambie de estratexia e se aposte polos acordos comerciais bilaterais ou multilaterais, deixando nun segundo plano a liña de único organismo pola que se apostara ata ese momento. Ese xiro vai ver no NAFTA un modelo no que se apoiar, para construír a base dos futuros acordos bilaterais.

Se unha cousa teñen en común este tipo de acordos é a forte resposta social que provocan na súa aplicación. Precisamente van ser as consecuencias provocadas polas medidas do NAFTA, as que conducen ao maior sindicato norteamericano a se mobilizar durante o Cumio da OMC en Seattle en 1999; tratado que, ao mesmo tempo, na súa entrada en vigor uns anos antes (1994) vai provocar o nacemento do Exército Zapatista de Liberación Nacional (EZLN).

O TTIP (Acordo Transatlántico para o Comercio e a Inversión, entre EEUU e a UE), o CETA (Acordo Integral de Economía e Comercio, entre Canadá e a UE), o TPP (Acordo Transpacífico de Cooperación Económica, entre 12 países do pacífico con EEUU á cabeza) ou o TiSA (Acordo de Comercio de Servizos, integrado por 52 estados), son acordos de libre comercio que buscan xerar mecanismos e sistemas que permitan ás multinacionais superpoñerse á soberanía dos estados. A idea das "democracias" actuais ten o principio de soberanía do pobo como alicerce fundamental. Se ben é certo que, tal e como podemos comprobar de xeito continuo na sociedade global actual, esa idea, asociada ao establecemento dunha democracia representativa, non é a que marca a pauta na práctica, tamén o é que o marco legal habilitado a tal cuestión permite, por exemplo, denunciar e defender os dereitos e o medio no que habitamos.

A chegada dos tratados de libre comercio, implicará a desaparición total dese pequeno "escudo" que ata o de agora tiña a cidadanía (e o planeta!). A soberanía con estes tra-

tados pasa a residir nas transnacionais e no poder financeiro, e desaparece para as persoas. Os tratados de libre comercio teñen unha estrutura complexa pero o seu sistema apóiase fundamentalmente en dous mecanismos: O ISDS e o Cosello ou Organismo de Cooperación Reguladora.

O ISDS implica un sistema xudicial paralelo pois é un mecanismo de arbitraje entre organismo público e transnacional, que busca resolver as controversias que se xeren en torno a determinadas cuestións que afectan ás dúas partes. O estado cede a súa capacidade de resolución a través do seu sistema xudicial e pasa a recoñecer un mecanismo privado sufragado en parte polas empresas. Ademais especialmente preocupante parece a dinámica na que o estado pode ser denunciado pero non denunciante, coa que se sitúa nunha clara desvantaxe de xeito voluntario. A forte resposta social dada en Europa, especialmente con este tipo de mecanismo, levou á Comisaría de Comercio a propoñer un sistema alternativo ao ISDS, o denominado ICS. Pero na práctica non pasa de ser unha mera operación de maquillaxe posto que os dous:

- Dan dereitos exclusivos aos inversores estranxeiros, discriminando dese modo aos inversores nacionais, á cidadanía e ás comunidades, sen ningunha evidencia de beneficios á sociedade en xeral
- Poden obrigar a gobernos a empregar miles de millóns en fondos dos contribuíntes para compensar a corporacións para calquera elemento do común (sanidade, educación, traballo, medioambiente,...).
- Non están sometidas a

principios democráticos. Despois do acordado os parlamentos non serán quen de trocar as regras.

- Socavan a xurisdición dos tribunais europeos xa que os inversores estranxeiros poden obviarlos.

O número de casos inversionista-estado aumenta cada día de xeito brusco. Nos últimos catro anos producíronse máis de 50 reclamacións ao ano. A día de hoxe son xa 667 reclamacións, que se coñezan, e en moitos dos casos non atinxen só a cuestións comerciais exclusivamente. Por exemplo TransCanada está tentando demandar ao goberno dos Estados Unidos posto que este bloqueou o oleoduto Keystone XL como parte da súa loita contra o cambio climático.

Coa entrada do TTIP por exemplo, capacitaríase a máis de 47.000 das 51.495 filiais de propiedade dos EEUU que operan actualmente na UE para lanzar ataques de arbitraje internacional sobre as políticas europeas e as accións de goberno. Aínda que o TTIP non incluíra os dereitos dos inversores a longo alcance, catro de cada cinco empresas norteamericanas (41.811) xa poderían optar polo caso da arbitraje.

O outro grande mecanismo sería a Comisión de Cooperación Reguladora. Esta consiste en xerar un

filtro á hora de poder establecer as leis. Trátase dunha comisión integrada por persoas independentes de cada unha das partes implicadas, a través da cal todas as leis que se propoñan dentro da estrutura institucional europea e que afecten dalgún xeito ás relacións comerciais ou aos beneficios das empresas, teñen que ser adaptadas para que en ningún caso interveñan sobre estes dous puntos. Legalmente a Comisión de Cooperación Reguladora pasa a instaurar un sistema a través do cal os dereitos e o medioambiente pasan a estar nun segundo plano legal, e o que prima no marco legal que hai que moverse é o beneficio económico e as relacións comerciais.

Hoxe vivimos nun mundo condicionado na súa axenda política de xeito definitivo polo cambio climático e as crises sociais, políticas e económicas que se dan no mundo. A perda de soberanía de xeito voluntario por parte dos estados só nos conduce cara a un futuro no que a cidadanía e as súas institucións e organismos non poidan tomar decisións sobre un mundo que nos afecta a todas e cada unha das persoas que habitamos o planeta. A cidadanía global debe ter as ferramentas precisas para poder afrontar os retos que se lle poñen por diante. As persoas debemos contar cun marco no que sexan firmes os mecanismos dende os

que exercer e defender os dereitos e o medio ambiente, e onde os intereses comerciais e económicos das transnacionais e o poder financeiro, estean completamente afastados da mesma; un sistema onde os bens e servizos comúns e públicos, non sexan nunca entendidos como espazos dende os que obter un beneficio, senón como elementos básicos colectivos para poder exercer os dereitos individuais. ■



Xosé Manuel Martínez García

O valdeorrés Xosé Manuel Martínez García, coñecido dende neno como "Manolo do señor Gustavo", naceu en 1909 no barrio de san Roque de O Barco. Ao tempo que estuda delineación por correspondencia participa da vida político-social que a proclamación da Segunda República propiciara na vila. En unión de varios mozos integrase nas xuventudes comunistas que eran referencia nas loitas sociais na comarca. Manuel Martínez convertese nun propagandista dos ideais igualitarios demostrando que non basta haber lido a Marx para ser un loitador, pero que tarde ou cedo se lle encontra cando se milita nas filas da liberación dos oprimidos.

Nas eleccións de febreiro do 1936, nas que triunfara a Fronte Popular, era xa un destacado cadro comarcal do Partido Comunista. Ante o golpe militar, que desencadeou a Guerra Civil, e debido a ocupación da comarca pola Garda Civil e os falanxistas, el e varios compañeiros abordaron un dilema vital. Porque en xullo de 1936 para eles so era posible elixir entre dúas opcións. Dúas e non máis. Quedarse para ser represaliados o ben intentar integrarse nas milicias que iniciaban a defensa das liberdades que propiciara a República. La segunda, e a mellor, foi dirixirse cara Asturias que mantíñase

fiel ao Goberno. Alí Manolo Martínez se une ao exército republicano e chega a comandante dunha brigada e oficial do Estado Maior da división dirixida polo noso paisano Enrique Lister. Ca derrota da República internase en Francia pasando por diferentes campos de concentración levantados para acoller os refuxiados españois ata que en 1940 pode marchar e exiliarse en Rusia.

Estuda ruso, e comeza a exercer a súa profesión na fábrica de automóbiles Gorki, na cidade de Nizhny Novgorod. O inicio da IIª Guerra Mundial e a conseguinte invasión da Rusia soviética polo exército nazi propicia, en base a súa experiencia de combatente da guerra de España, que sexa escollido para estudar na Escola de Minadores Zapadores de Leningrado, evacuada á cidade de Krastromá, na que se lle comeza a alcumar como "o gallego" ou "o coronel", graduándose de tenente. Mobilizado o destínan ao corpo de Enxeñeiros en unidades do 69º Exército Soviético, que formaba parte do Primeiro Fronte Bielorruso, baixo a dirección do mariscal Zhúkov. Ao mando dunha compañía de zapadores loita na expulsión dos nazis da terra rusa e de Polonia, desde a recuperación de Kiev ata o cerco para a toma de Berlín na primavera de 1945. Nesta



ofensiva final as tropas soviéticas chegan a cidade de Poznán que se conquista rúa a rúa. Participa, o día 24 de xaneiro, de forma destacada no ataque dun bloque de casas que os alemáns converteran nun fortín. Na contraofensiva nazi a unidade de pontoneros queda cercada, morrendo Manuel Martínez o día 1 de marzo xunto con varios dos seus soldados. O seu nome figura entre os 166 combatentes españois que morreron durante a contenda e que foron condecorados polo Exército Roxo debido a súa entrega e valor. "Manolo do señor Gustavo", loitador dende a primeira hora, non coñeceu un ápice da vitoria. Sen dúbida sería feliz ao ver a derrota nazi, mais tamén, sen dúbida, sufriría ao ver a opresión franquista manterse durante corenta anos máis. Por iso non hai nada que concluír, porque este longo esquecemento da súa memoria permanece para nos como unha ferida aberta.

F.G. ■

X Semana Republicana

O programa de actos para a vindeira Semana Republicana -que será a X- en principio queda establecida da seguinte maneira:

- **14 de Abril as 12,00 horas** se fará a concentración diante do monumento aos represaliados do franquismo na Casa de Rio Cigueño. O mesmo día as 20,30 h. estreno da película "Lobos Sucios" en colaboración co Cine Club

Groucho Marx.(Casa da Cultura de O Barco)

- **16 de Abril as 19,30 horas** da tarde mesa de debate sobre a situación política actual no Salón Multiusos do Concello. Tamén no mesmo día e a **partir das 22,00 horas** se fará a tradicional cea republicana.
- **Dende o día 8 de Abril ó día 23 do mesmo mes** terá lugar na Casa da Cultura de O Barco unha exposición de obras de Kukas en horario de 19,00 horas á 22,00 horas.



CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS

